

Nos seguintes textos feitos a mantenta, identifica os fenómenos lingüísticos dialectais e localiza o bloque, a área, a subárea e a microsubárea a que pertencen.

1.

Aghora xa ti non coñeças moitos rapaços que vèn algunha ves á festa do patrón. Non che vin ònte cando viu túa irmán á noite. Èla colliu è comprou moitos xamóns que häbía älí è levouos prá caça dèla.

2.

Tès que me escoitar e coidar de min como prometiches. Acórdaste deso? Hai xa moito tèmpo. Aquèla fría mañá, naquel escuro hòspital. Eu sabía que te non perdería. Aghora pènso que ti fúche-lo único que escoitou. Ó millor esta carta non chegha nunca ás túar maus; però, acórdanche as canciós que cantabamor xuntos, meu irmao?

3.

Cando colleches aquèla carta que che escribín unha ves xa ti tiñas moitos mías anos ca min. Fono anos moi difíciles e non te vin máis. Daquèla estudiábamos xuntos moitos días. Un día mordiute un can nunha pèrna, colliute miña irmán e levoute á casa. Ó primeiro non-a coñeceches. Vò-las dúas cantabas moi bèn. Èra certo.

4.

Ti ibas cunha amigha i-èntonces ár dèz da noite empezaban-as canciós. Ár veces faíanse na corte do ghando è cantaban moi alto, canto pudían pa que viñèran or mozos. Tocabamos moitor bailes e cando iban-ar vèllas botaban moito tèmpo porque ninguièn quería tocar de boa ghana.

5.

Eu seguireino falando como falèmos sempre è non me impòrta que sea diferente a ese que aparèce nos libros de tèsto. È desde o momento de que algunhas familias deixan de ter animais, parece que xa non falaran o galego porque non tein con quen falalo. Nos somos galegos... As nòsas comunicaciois con eles son nular desde vai pouco tempo, porque hai que ir de noite, facer noite alí para cualquèr cousa para lògo vir á mañá.